

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, CON REFERENCIA 2020/CP/100, PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 30 DE ABRIL DE 2020

O 30 de abril do 2020, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria coas bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a de apoio á investigación a tempo completo.

O 16/06/2020 publicouse a resolución provisional co nome da candidata seleccionada para a devandita praza, outorgando un prazo de dous días para presentar reclamacións.

Tendo en conta que non se recibiu ningunha reclamación, o órgano de selección acorda resolver definitivamente á candidatura á praza 2020/CP/100, adxudicándose a candidata:

MIGUÉLEZ RICO, MÓNICA

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 19 de xuño de 2020

A presidenta do Órgano de Selección

María Jesús Movilla Fernández